

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO
MLA/cbg
Refº: acta apertura económ xogs rcto amurlldo-1.doc
Asunto: acta mesa contratación

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS E CIRCUITO DE MANTEMENTO-RECUPERACIÓN DE HABILIDADES PARA XENTE MAIOR NUN ESPAZO INTERIOR DA MURALLA ROMANA, ACTUACIÓN ENMARCADA NO PROXECTO URBAN co cofinanciamento do 70% da Unión Eurpea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (PROXECTO 10UR3105 Paseo Interior da muralla).

Sendo as 13.00 horas do día 4 de xullo de 2011, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais: dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista, dona Paz Abraira Sobrado, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Angel Trabada, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, don Elva Anido Anido, por parte do servizo de intervención, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, letrada asesora dos servizos xurídicos do Concello de Lugo e don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento, actuando como secretario.

Tamén asisten a este acto: dona Eugenia Cagiao, en representación da empresa GALOPÍN PARQUES, S.L., don Jaime López, en representación de JUEGOS KOMPAN, S.A., dona Montserrat Fernández, en representación de CONTENUR, S.L.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte da Sra. Secretaria a dar conta do informe emitido polo Técnico do Servizo de Parques e xardíns do día 20 de xuño de 2011, no que se recolle que a empresa CONTENUR, S.L., HPC IBÉRICA, S.A., MOYCOSA, S.A., non cumpren co prego polos motivos especificados no informe técnico de parques e xardíns.

Así pois a valoración técnica obtida polas empresas restantes admitidas á presente contratación ten o seguinte detalle:

1.1.- Composición, diseño, integración con el entorno y estética del conjunto: de 0 a 3,00 puntos.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refº: acta apertura económ xogs rcto amurlldo-1.doc

Asunto: acta mesa contratación

1.2.- Funcionalidade y diseño de cada uno de los juegos o elementos: de 0 a 1,00 puntos.

	1.1	1.2	TOTAL PUNTOS
KOMPAN, S.L.	2 ptos	0,50 puntos	2,50 puntos
LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	2,50 puntos	1 punto	3,50 puntos
JARDINCELAS, S.L.	1 punto	0,25 puntos	1,25 puntos

Do cal se deduce que a empresa LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., é a que obtén a maior puntuación.

A continuación procédese á apertura dos sobres C (oferta económica) co seguinte resultado:

1.- LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., propón como prezo de contrato a cantidade de 66.221,08 euros, IVE incluído e oferta como prazo de garantía 3 anos a maiores do mínimo de 2 anos esixido nos pregos (total 5 anos).

2.- JUEGOS KOMPAN, S.A., propón como prezo de contrato a cantidade de 75.035,88 euros, IVE incluído e oferta como prazo de garantía 6 meses máis a maiores do mínimo de 2 anos esixido nos pregos (total 2 anos e 6 meses).

3.- JARDINCELAS, S.L., propón como prezo de contrato a cantidade de 69.164,22 euros, IVE incluído e oferta como prazo de garantía 1 ano a maiores do mínimo de 2 anos esixidos nos pregos (total: 3 anos).

Así pois dacordo con todos os parámetros o cadro resumen final sería o seguinte:

	Valorac. técnica	Valorac. económ	Prazo garantía	TOTAL PTOS
KOMPAN, S.L.	2,50 ptos	2,72 ptos	0,16 ptos	5,38 ptos
LAPPSET S.L.	3,50 ptos	5,40 ptos	0,60 ptos	9,50 ptos

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refº: acta apertura económ xogs rcto amurlldo-1.doc

Asunto: acta mesa contratación

JARDINCELAS, S.L.	1,25 ptos	4,50 ptos	0,20 ptos	5,95 ptos
----------------------	-----------	-----------	-----------	-----------

Á vista do cal os membros da mesa acordan por unanimidade, propoñer a adxudicación do mencionado subministro, á oferta presentada pola empresa LAPPSET ESPAÑA VR, S.L..

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz